

33ª edición

GALICIA EN FOCO

O FOTOXORNALISMO GALEGO



Fotografía do Ano de Galicia en Foco 2023
Máscaras, Brais Lorenzo



Serie gañadora do Ano de Galicia en Foco 2023
Campaneiros, Iñaki Abella



33ª edición
GALICIA EN FOCO
O FOTOXORNALISMO GALEGO



Premio Galicia de Comunicación
2006 da Xunta de Galicia

Insignia de Ouro
Cidade de Ferrol 2015

FERROL

Actividade subvencionada
pola Deputación da Coruña



Esta iniciativa conta co apoio da
Consellería de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria,
a través da Secretaría Xeral de Cultura



Fotógrafo. Peza de cerámica deseñada por Isaac Díaz Pardo para «Galicia en Foco»

EDITA

Deputación da Coruña

Club de Prensa de Ferrol

Correspondencia: Apdo. 283- 15480 Ferrol

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

R/ Méndez Núñez, 11, 2º andar. Ferrol

Telf: 600 991 301

www.clubdeprensadeferrol.com

info@clubdeprensadeferrol.com

PRESIDENTE DE HONRA

Germán Castro Tomé

PRESIDENTA

Xulia Díaz Sixto

COORDINADORA EDITORIAL DE GALICIA EN FOCO

Xulia Díaz Sixto

XURADO DO PREMIO

GALICIA EN FOCO 2023

Rodrigo Ramos Ardá (fotógrafo)

Gala Santalla Quintana (fotógrafa)

Lucas Rey Seoane (profesor de Comunicación, Imaxe e Son)

Xulia Díaz Sixto (presidenta do Club de Prensa de Ferrol)

Xoán Rubia Alejos (secretario)

© DESTA EDICIÓN: CLUB DE PRENSA DE FERROL

© DE TEXTOS E IMAXES: OS AUTORES

MAQUETACIÓN

Proxectos Gráficos Aldine Ferrol | www.aldine.es

IMPRIME

Imprenta da Deputación da Coruña

Dep. Legal: C xxxx-2025

EDICIÓN NON VENAL

33^a edición
GALICIA EN FOCO
O FOTOXORNALISMO GALEGO



Galicia en Foco, unha mostra fotográfica que vai máis alá da puntual e valiosa documentación que ilustra o relato

As fotografías que ilustran a portada deste catálogo estannos a sinalar os eixos polos que transitan os/as fotoxornalistas que ao longo dos anos da súa participación en Galicia en Foco foron conferíndolle unhas características identitarias e documentais que singularizan este certame.

Todos e cada un dos catálogos anuais de Galicia en Foco constitúen hoxe por hoxe a mais abundosa e atinada fonte de información sociolóxica, económica e cultural da Galicia dos últimos 33 anos. Lonxe dos anuarios ao uso, con datas e feitos institucionais e sucesos relevantes, os catálogos de cada edición de Galicia en Foco veñen reflectindo os diversos aconteceres da vida en Galicia, tanto de como se vai desenrolando na cidade coma no campo ou na mar.

Unha narración visual, desde a ollada profesional e comprometida do fotoxornalista que foi e permaneceu alí para contalo, para verificar cada historia ao traveso do filtro da súa cámara e sensibilidade. Unha ollada de proximidade ao feito narrativo coa que os fotoxornalistas revelan a verdade que o obxectivo da súa cámara está a enfocar. A especial singularidade de Galicia en Foco, tanto nas exposicións coma nos catálogos de cada edición, percíbese na interacción que o fotoxornalista mantén coa súa cámara e sensibilidade, conferíndolle á fotografía unha feitura conceptual e artística que vai mais alá da puntual e valiosa documentación que ilustra o relato.

Unha feitura cunha profunda autenticidade e senso artístico que ven sendo salientado polos diversos compoñentes do xurado que se foron sucedendo ao longo dos anos, e que foron recollidos nas diversas actas dos mesmos. Sirva como especial referencia a da famosa fotoxornalista Anna Turbau,(1949-2025) quen, formando parte do xurado da XXVII edición de

Galicia en Foco, ao contemplar a fotografía “Bágoas que non apagan lumes”, tomada por Javier Cervera o 15 de Outubro de 2017 nas Neves (Pontevedra) e publicada no Diario de Pontevedra, sentiuse emocionada pola súa forza documental e artística, e definiuna como “A Madonna da Desolación”. A fotografía que mostraba a tristura e angustia dunha anciá ante a trágica perda que causou un incendio na súa casa, foi premiada co galardón da Foto do Ano de Galicia en Foco da mencionada edición.

Estes son algúns dos vimbios cos que os fotoxornalistas foron configurando o certame Galicia en Foco, cuxa XXXIII edición móstrase nas páxinas do presente catálogo que grazas á xenerosa colaboración da Xunta de Galicia, á Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol, chega a vostedes e mantense no tempo como testemuña das vivencias das xentes de Galicia no ano 2023. Nesta edición son os fotoxornalistas Brais Lorenzo coa foto “Mázcaras” quen a xuízo do xurado recibe a Foto do Ano (2023) de Galicia en Foco, “pola súa capacidade para plasmar nunha imaxe fixa o dinamismo, a excitación e colorido do Entroido tradicional galego”, e Iñaki Abella pola serie “Campaneiros” quen acada o Premio “Serie do Ano de Galicia en Foco”, por “capturar a esencia e beleza dun oficio en vías de desaparición e homenaxear coas súas imaxes o saber facer dos artesáns que manteñen viva a tradición dos mestres campaneiros.”

En definitiva temos ante nos un catálogo que mostra a gran calidade das fotografías presentadas nesta 33 edición do certame fotográfico Galicia en Foco e o alto nivel de profesionalidade dos fotoxornalistas que nel figuran. A todas e todos eles desde o Club de Prensa de Ferrol, agradecemoslle a súa participación e mailo estímulo ao progreso da comunicación gráfica galega.

Grazas.

XULIA DÍAZ SIXTO
PRESIDENTA DO CLUB DE PRENSA DE FERROL

33^a edición
GALICIA EN FOCO
O FOTOXORNALISMO GALEGO





Fotografía do Ano de Galicia en Foco 2023

BRAIS LORENZO Formado en Fotografía e Xeografía e Historia. Está interesado en temáticas sociais e medioambientais, cre no poder transformador da imaxe. Dende 2010 compaxina o fotoxornalismo con traballos documentais de longo percorrido. O seu traballo ten sido recoñecido a nivel nacional e internacional cos premios Ortega y Gasset, POYi, News Photo Awards, Sony World Photography awards, Istanbul Photo Awards, Siena International Photo Awards, Estação Imagem, Galicia en Foco, Luis Ksado, Premio Carlos Casares ao Talento Activo ou Premio de Xornalismo Xosé Aurelio Carracedo, entre outros. É cofundador do colectivo fotográfico OLLO.

MÁZCARAS A fotografía, distribuída pola Axencia EFE e publicada na Fototeca.com o 19 de febreiro de 2023, foi valorada polo xurado “pola capacidade do seu autor para plasmar nunha imaxe fixa o dinamismo, a excitación e colorido do Entroido tradicional galego”.





Serie gañadora do Ano de Galicia en Foco 2023

IÑAKI ABELLA DIÉGUEZ (Pontevedra, 1976). Técnico Medio de Laboratorio e Imaxe e Fotografía da Escola de Imaxe e Son de Vigo. Ten colaborado en varias curtas, documentais e longametraxes feitas en Galicia. Actualmente traballa con *Faro de Vigo* e *La Opinión de A Coruña*.

CAMPANEIROS Cando en novembro de 2023 o toque manual de campás foi recoñecido como Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade pola UNESCO xurdiron as preguntas de onde, quen e como se fabricaban as campás. Estas preguntas leváronnos até O Campo Campaneros, que leva máis de 400 anos fabricando campás de maneira tradicional, un oficio que vai pasando de pais a fillos. Esta reportaxe mostra as técnicas que seguen a utilizarse na elaboración de campás e documenta unha forma de traballar tradicional, que agardemos non se perda en favor doutros procedementos menos custosos.



Serie ganadora de Galicia en Foco 2023





Serie ganadora de Galicia en Foco 2023



Fotoxornalismo

***Gustavo
de la Paz***



El Poseidón

Medio onde se publicou: **Europa Press. ABC**

Data de publicación: **14 de marzo de 2023**

Data de realización: **14 de marzo de 2023**

Lugar de realización: **A Illa de Arousa (Pontevedra)**





Arde Tui

Medio onde se publicou: **Europa Press. El Mundo**

Data de publicación: **20 de marzo de 2023**

Data de realización: **20 de marzo de 2023**

Lugar de realización: **Tui (Pontevedra)**





Entradas e rexistros

Medio onde se publicou: **Europa Press. ABC**
Data de publicación: **19 de decembro de 2023**
Data de realización: **26 de abril de 2023**
Lugar de realización: **Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)**



***Adrián
Irago***



Sen título

Medio onde se publicou: **El Español**

Data de publicación: **19 de decembro de 2023**

Data de realización: **17 de decembro de 2023**

Lugar de realización: **Cesantes. Redondela (Pontevedra)**





Viva Vigo

Medio onde se publicou: **Europa Press**

Data de publicación: **14 de decembro de 2023**

Data de realización: **5 de decembro de 2023**

Lugar de realización: **Vigo (Pontevedra)**



**Miguel
Ángel
López**



Encontro

Medio onde se publicou: **La Región. Ourense**

Data de publicación: **11 de xuño de 2023**

Data de realización: **10 de xuño de 2023**

Lugar de realización: **Allariz (Ourense)**





Pantalla

Medio onde se publicou: **La Región. Ourense**

Data de publicación: **21 de febreiro de 2023**

Data de realización: **20 de febreiro de 2023**

Lugar de realización: **Xinzo de Limia (Ourense)**



Novos veciños

Medio onde se publicou: **La Región. Ourense**

Data de publicación: **18 de febreiro de 2023**

Data de realización: **17 de febreiro de 2023**

Lugar de realización: **Ourense**



Brais
Lorenzo



A romaxe dos cadaleitos

Medio onde se publicou: **Axencia EFE**

Data de publicación: **29 de xullo de 2023**

Data de realización: **29 de xullo de 2023**


Lugar de realización: **Santa Marta de Ribarteme,
As Neves (Pontevedra)**





Catarse

Medio onde se publicou: **Revista LUZES**
Data de publicación: **Setembro de 2023**
Data de realización: **16 de setembro de 2023**
Lugar de realización: **Ortigueira (A Coruña)**





Máscaras

Medio onde se publicou: **Axencia EFE**

Data de publicación: **19 de febreiro de 2023**

Data de realización: **19 de febreiro de 2023**

Lugar de realización: **Manzaneda (Ourense)**



**Ángel
Manso**



A Vacina

Medio onde se publicou: **La Voz de Galicia**
Data de publicación: **17 de outubro de 2023**
Data de realización: **16 de outubro de 2023**
Lugar de realización: **A Coruña**





Genocidio

Medio onde se publicou: **La Voz de Galicia**
Data de publicación: **27 de outubro de 2023**
Data de realización: **26 de outubro de 2023**
Lugar de realización: **A Coruña**





Aline

Medio onde se publicou: **La Voz de Galicia**
Data de publicación: **21 de outubro de 2023**
Data de realización: **20 de outubro de 2023**
Lugar de realización: **A Coruña**



**Francisco
Puñal
Suárez**



Paseando a Miss Dog

Medio onde se publicou: www.mundiaro.com

Data de publicación: **16 de agosto de 2023**

Data de realización: **30 de xullo de 2023**

Lugar de realización: **A Coruña**





Cada un co seu xogo

Medio onde se publicou: www.mundiario.com

Data de publicación: **26 de marzo de 2023**

Data de realización: **17 de febreiro de 2023**

Lugar de realización: **A Coruña**

***Paco
Rodríguez***



8M

Medio onde se publicou: **La Voz de Galicia**

Data de publicación: **9 de marzo de 2023**

Data de realización: **8 de marzo de 2023**

Lugar de realización: **Santiago de Compostela**





Inundación na rúa do Franco

Medio onde se publicou: **La Voz de Galicia**

Data de publicación: **19 de outubro de 2023**

Data de realización: **18 de outubro de 2023**

Lugar de realización: **Santiago de Compostela**





Mar de móviles

Medio onde se publicou: **La Voz de Galicia**

Data de publicación: **20 de xuño de 2023**

Data de realización: **15 de xuño de 2023**

Lugar de realización: **Santiago de Compostela**

***Xoán A.
Soler***



Piscina de Inverno

Medio onde se publicou: **La Voz de Galicia**

Data de publicación: **29 de maio de 2023**

Data de realización: **28 de maio de 2023**

Lugar de realización: **Santiago de Compostela**





Rapa das Bestas de Sabucedo

Medio onde se publicou: **La Voz de Galicia**

Data de publicación: **9 de xullo de 2023**

Data de realización: **9 de xullo de 2023**

Lugar de realización: **Sabucedo**





Incivismo

Medio onde se publicou: **La Voz de Galicia**

Data de publicación: **21 de xullo de 2023**

Data de realización: **21 de xullo de 2023**

Lugar de realización: **Santiago de Compostela**



***Mónica
Vila
Ferreirós***



Predicando en UHF

Medio onde se publicou: **Diario de Arousa**

Data de publicación: **6 de maio de 2023**

Data de realización: **5 de maio de 2023**

Lugar de realización: **Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)**





Políticos en acción

Medio onde se publicou: **Diario de Arousa**

Data de publicación: **20 de maio de 2023**

Data de realización: **19 de maio de 2023**

Lugar de realización: **Cambados (Pontevedra)**






Connmigo a todas partes

Medio onde se publicou: **Diario de Arousa**

Data de publicación: **28 de maio de 2023**

Data de realización: **26 de maio de 2023**

Lugar de realización: **Vilanova de Arousa (Pontevedra)**



Fotorreportaxe

Iñaki Abella

Campaneiros

Cando en novembro de 2022 o toque manual de campás foi recoñecido como Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade pola UNESCO xurdiron as preguntas de onde, quen e como se fabricaban as campás. Estas preguntas leváronnos até O Campo Campaneros, que leva máis de 400 anos fabricando campás de maneira tradicional, un oficio que vai pasando de pais a fillos.

Esta reportaxe mostra as técnicas que seguen a utilizarse na elaboración de campás e documenta unha forma de traballar tradicional, que agardemos non se perda en favor doutros procedementos menos custosos.





Medio onde se publicou: **Faro de Vigo**
Data de publicación: **11 de xuño de 2023**
Data de realización: **do 19 ao 22 de maio de 2023**
Lugar de realización: **Arcos da Condesa, Caldas de Reis (Pontevedra)**







Adrián Baúlde

A Romería Vikinga

Cada primeiro domingo de agosto, hordas de viquingos cruzan o tempo e o espazo para asaltar as Torres de Oeste en Catoira . Este maravilloso fenómeno rexistrouse no río Ulla durante máis de sesenta anos, converténdoo nunha festa á que non se debe asistir con toda a súa gala: chove lume e viño tinto, a verdadeira razón de ser desta celebración. Este domingo, como estaba escrito, as hordas do Norte intentaron asaltar de novo Catoira. Pero esta vez tiveron que enfrontarse a unha natureza que conspirou para deter o seu avance: seis barcos viquingos, con 120 tripulantes a bordo, tiveron que enfrontarse ás correntes do río, a unha brisa teimuda e a unha marea tan baixa que os obrigou a cruzar un mar de lama antes de poder comezar a súa conquista.





Medio onde se publicou: **La Voz de Galicia**
Data de publicación: **7 de agosto de 2023**
Data de realización: **7 de agosto de 2023**
Lugar de realización: **Catoira (Pontevedra)**











Vanessa Casteleiro

Merceditas

Non lembra ningún Entroido no que non se disfrazase, nin sequera cando “había que correr porque viñan os grises”.


Mercedes Sánchez Guerra chámase a ela mesma Merceditas e, así, os que pasen pola rúa San Xosé sempre se lembrarán dela porque agora hai unha placa que a reconece como Choqueira do Ano 2023. Esta noite case non puido durmir da emoción.





Medio onde se publicou: **La Opinión**
Data de publicación: **21 de febreiro de 2023**
Data de realización: **21 de febreiro de 2023**
Lugar de realización: **Montealto, A Coruña**









Óscar Corral

O Corno

Mari Carmen abre un dos sacos cuberto por medio século de teas de araña que dormen amoreados no gran almacén de xamón dos seus tíos. Remexe o contido coa man e saca un puñado de esclerocios de caruncho (cornezuelo), que parecen vermes secos e negros, de tres ou catro centímetros, que nunca saíron da localidade de Dacón (Maside, Ourense) cando o fungo do centeo galego era o máis buscado do planeta.


O cogomelo, que aquí recibía infinidade de nomes de pila (cornizo, cornello, corno, mouro, caruncho, xoio, cornezuelo, gran de corvo, dentón), era considerado o mellor do mundo. E así o confirmou Albert Hofmann, un bioquímico suízo que descubriu o LSD (dietilamida do ácido lisérxico) mentres exploraba as propiedades dos alcaloides do cornezuelo.

Dacón, Maside (Ourense) é a localidade onde se vendía o corno, e que marcaba o prezo mundial do fungo que aparece nos cereais e que se utilizaba para a industria farmacéutica a principios do século pasado como abortivo, e que dá nome ao película O Corno, de Jaione Camborda. Fifa Vázquez amosa os libros que garda do seu avó, coa contabilidade da venda de cornezuelos, así como os excedentes non vendidos e esquecidos nun soto, despois de que fose prohibido, tras ser substituído sinteticamente por LSD.





Medio onde se publicou: **El País**
Data de publicación: **6 de novembro de 2023**
Data de realización: **27 de outubro de 2023**
Lugar de realización: **Dacón, Maside (Ourense)**







Emilio Cortizas

Xura de bandeira

Reportaxe con motivo do Acto de Xura de Bandeira que tivo lugar na Escola de Especialidades Antonio de Escaño de Ferrol.





Medio onde se publicou: **Diario de Ferrol**
Data de publicación: **14 de xullo de 2023**
Data de realización: **14 de xullo de 2023**
Lugar de realización: **Ferrol, A Coruña**








Kiko Delgado

Alixo

O motivo foi un aviso sorpresa, polo cal me acheguei ao lugar sen saber exactamente o que podería facer. En principio era localizar unha nave. Ao chegar case pola noite, había ambiente policial e a nave tiña algunha porta aberta e furgonetas da policía por fóra. Fixen algunhas tomas onde se vía o interior e algúns fardos numerados, apilados preto da porta. Ao verme os policías pecharon as portas e tentei facer algo a través das xanelas pero foron pechando todas. Cando a nave estivo pechada baixo sete chaves funme do lugar, só estaba eu no tema. Tardamos en subir as fotos unhas horas até coñecer o calado da operación. Ao día seguinte todos os medios deron as fotos anunciando un dos alixos mais grandes atopados en Galicia.






Medio onde se publicou: **La Voz de Galicia,**
Axencia EFE e Ser Ferrol

Data de publicación: **6 de decembro de 2023**

Data de realización: **5 de decembro de 2023**

Lugar de realización: **Cambre, A Coruña**







Elena Fernández

Rías Baixas. Escola de Esperanza

A mañá do 9 de novembro de 2023, ás 6:50 am, chegaron en autobús desde Madrid ao hotel Baixamar da praia de Areas en Sanxenxo, 54 homes moi novos, riseiros e cun único fin, conseguir un traballo en España.

Provenientes de Senegal, Gambia e Malí chegaron a Canarias en lanchas, pasaron por Madrid e logo foron destinados ás Rías Baixas onde estiveron 40 días.

Un deles falou da dura travesía que levaron a cabo para chegar desde Senegal á illa do Hierro. Eran 200 homes, 9 mulleres e 15 nenos a bordo dunha embarcación pola que cada un tivo que pagar 400.000 francos senegaleses, uns 610 €. Unha viaxe de 8 días sen comida, chovendo, moito aire e mala mar. Contou que todos tiñan moito medo, pero el non, el sabía ben cal era a súa meta, chegar a España.

Pola tarde, pasearon pola praia de Areas. Willane Diop dicía que a praia era moi bonita, pero sen dúbida do que máis falou foi das súas ganas de conseguir traballo. En Senegal traballaba nunha empresa de peixe, por iso preguntaba varias veces se en Galicia había oportunidade de traballo nesa área, mentres ensinaba un vídeo del traballando.

Como migrante que era sentía a necesidade de documentar a súa chegada, a cal foi posposta en varias ocasións, por iso as visitas ao Baixamar convertéronse no seu día a día. Nalgunhas conversacións cos encargados do establecemento notábase a súa disposición e o agarimo co que preparaban todo para recibilos.

Como fotoxornalistas temos a oportunidade de conectar con moitas historias de vida e como persoas debemos recibir isto como unha aprendizaxe. A miña historia de migración foi moi fácil, vir ao país dos meus pais que é a miña segunda casa, pero non todos temos as mesmas oportunidades nun mundo onde cada vez fálase máis da igualdade pero que segue sendo moi desigual e inxusto.





Medio onde se publicou: **Diario de Arousa**
Data de publicación: **9 de novembro de 2023**
Data de realización: **9 de novembro de 2023**
Lugar de realización: **Sanxenxo (Pontevedra)**







Carlos G. Hervella


A lousa, industria internacional no rural

O corazón mundial da lousa está na comarca de Valdeorras, na provincia de Ourense. Concentra o 80% do sector e xera en Galicia 2.400 empregos directos no rural, o 25% deles ocupados por mulleres, e 10.000 indirectos.

A meirande parte da extracción de lousa galega faise a ceo aberto, pero tamén hai 5 minas subterráneas, unha delas é a máis grande do mundo en lousa, con máis de 10 km de galerías.

O 95% da produción galega de lousa expórtase, sendo un dos sectores galegos máis exportadores. Ademais a súa venda no exterior faise como un produto totalmente elaborado, polo que o seu valor engadido queda integramente no territorio galego.

É un material construtivo natural e sostible, usado dende tempos remotos en Galicia. A lousa galega está en construcións novas e antigas de todo o mundo.





Medio onde se publicou: **O Sil**
Data de publicación: **2 e 24 de novembro de 2023**
Data de realización: -
Lugar de realización: **Comarca de Valdeorras (Ourense)**








Agostiño Iglesias

Mexillón ao calor

O cambio climático está a mudar drasticamente o noso planeta. O aumento das temperaturas e os patróns meteorolóxicos alterados están a ter un impacto significativo a nivel mundial e por tanto na nosa rexión.

Galiza non está libre desta problemática e un exemplo directo diso témolo no noso litoral, onde o devandito cambio climático e o aumento da temperatura da auga do mar están afectando aos nosos ecosistemas e por tanto tamén aos nosos sistemas de produción; entre outros, á cría de mexillón nas nosas rías.

A preocupación no sector mexoeiro vai en aumento por unha situación na que as altas temperaturas, entre outros condicionantes como o cambio nas precipitacións e nos ventos ou o crecente fenómeno de acidificación, poden debilitar o mexillón e afectar á súa reprodución e crecemento.






Medio onde se publicou: **Europa Press e Galicia Press**
Data de publicación: **2 de setembro de 2023**
Data de realización: **1 de setembro de 2023**
Lugar de realización: **Moaña (Pontevedra)**



Alarma por la elevada mortandad de mejillón en las bateas de Galicia



Código: 5411177

Fecha: 31/09/2018

Dimensiones: 3636 x 2557 (0,96 MB)

Lugar: Pobra do Caramiño

Fotos del Tema: 20

Pie de Foto:

Pequeña muestra de mejillones, a 2 de septiembre, en Pobra do Caramiño, Galicia (España). La alta mortalidad del mejillón, un bivalvo marino y económico debido del mejillón es el "síndrome" el factor explica que la carne ha sido "un bivalvo conchiforme" por lo de "bivalvo" "no" y "no" que hay algo de "la pesca bivalvarina" "La alta mortalidad del mejillón, el bivalvo marino del mar y el consumo de mejillón, un bivalvo

Foto de: ARDENO

Etiquetas: Agostiño | Europa Press

Para descargar esta foto, envíe como abono a corrientes:
Teléfono +34 91 368 39 60 - Email: info@europapress.es





Jorge Meis

Rapa

O curro da Capelada é o escenario dunha nova edición da Rapa das Bestas, costume ancestral a través do que se procede á cortar as crinas e colas dos cabalos que viven de xeito salvaxe na devandita serra. Trátase, defenden os “besteiros”, dun proceso enmarcado no cuidado dos animais, que inclúe o seu desparasitado, para mantelos frescos e limpos de cara sobre todo ao verán.

Para poder desenvolver esta tarefa, cómpre agrupar previamente as diferentes mandas que viven en liberdade no monte. Na previa á da propia rapa, os besteiros afánanse en reunir aos animais desde a garita de Herbeira para conducilas ata o peche próximo ao curro, cubrindo así unha distancia aproximada duns sete kilómetros.

Arredor de corenta persoas implicáronse nunha acción que, segundo comenta un dos participantes, “é un dos días máis bonitos para os que organizamos todo isto”. Tamén moi intensa, xa que ao traballo de agrupamento e conducción dos animais súmaselle, xa no curro, a tarefa de desparasitación, quedando xa listas as bestas.





Medio onde se publicou: **Diario de Ferrol**
Data de publicación: **4 de xuño de 2023**
Data de realización: **4 de xuño de 2023**
Lugar de realización: **Serra da Capelada. Cedeira (A Coruña)**










Miguel Muñiz

Trinta e seis chanzos con Mario

Trinta e seis chanzos separan a porta do piso de Mario Becerra da rúa, o equivalente a un escaleirón e dúas plantas que el baixa e sobe a diario a gatiñas. Incluso varias veces. Este ferrolán de 29 anos naceu con espiña bífida e depende dunha cadeira de rodas para moverse, pero cando as barreiras arquitectónicas fréano, tira de maña e forza. Non vai ao ximnasio porque se adestra levantando os sofás do salón, parte dunha rutina diaria que empezou a compartir nas redes hai tempo e que agora seguen máis de 30.000 persoas. O rechamante do caso é que Mario sempre tivo que escalar para chegar á súa casa, porque de neno vivía nun cuarto, tamén sen ascensor. Setenta e dous banzos. Naquel entón non había redes sociais e os veciños que se cruzaban con el normalizaron unha situación que, píntese como se pinte, é de todo menos normal.

«Eu no que penso é, en que no meu bloque hai un veciño ao que lle amputaron a perna e que case non pode saír de casa, ou nun matrimonio maior que só para chegar ao portal ten trinta chanzos. Moitas persoas viven encerradas e iso “eleva a voz” é indigno.





Medio onde se publicou: **Diario ABC**
Data de publicación: **13 de maio de 2023**
Data de realización: -
Lugar de realización: **Ferrol (A Coruña)**








Adra Pallón

Demotanasia

Segundo a investigadora Pilar Burillo a Demotanasia é o proceso polo que debido a accións políticas ou omisión das mesmas provócase a desaparición da poboación dun territorio. A morte por despoboamento é lenta e silenciosa. Desapiadada co territorio, a natureza e o patrimonio. A situación non é menos dramática para as persoas que habitan ou, máis ben, resisten nas contornas rurais. Esas que viven na máis absoluta soidade nunha silenciosa, silenciada e mal chamada España baleira. En realidade, aínda non o está.

Europa é o continente máis envellecido do mundo. Unha das rexións máis afectadas polo envellecemento segundo Eurostat é Galicia. Existe unha elevada porcentaxe de persoas maiores con falta de autonomía residencial ou con certo grao de dependencia que se resisten a abandonar as terras nas que levan vivindo toda unha vida. Viven soas onde os coidados e a asistencia brillan pola súa ausencia.

O despoboamento da contorna rural é unha dá as causas dos numerosos problemas ambientais como o aumento na voracidade dos incendios forestais ou o incremento da erosión do terreo. Se non hai cambios radicais respecto diso: o falecemento dos últimos habitantes rurais traerá consigo a morte dun modelo social e entón si será a España baleira.






Medio onde se publicou: **NewsWeek - Japan**


Data de publicación: **16 de maio de 2023**

Data de realización: -

Lugar de realización: -









Currículos

Gustavo de la Paz. Aos 17 anos deuse conta do que era poder conxelar un instante e lembralo toda unha vida, os meus comezos foron con carrete. Comezou a miña formación como fotógrafo na Escola de Fotografía e Cinema EFTI, Madrid 2011- 2012. Curso profesional de Fotografía; Universidade Miguel Hernández 2012 - Fotografía Profesional Aplicada; Escola de Fotografía Too Many Flash I 2016 Curso profesional de iluminación. Colaborou con Europa Press; AntartikStudios; ABC; GTRES; TVG; *La Voz de Galicia*. Traballou como operador de cámara ,vídeo e fotografía, para o documental “SUR-FAROS” sobre o surfeiro vasco Axi Muniain (en produción); e Fotógrafo IV centenario da Greco Fundación Funcave2014. Participou nas Exposicións: 100 Sutton Studios Brooklyn, New York 2023; Espazo A DOCE; Boiro 2018; Espazo Porta Oito; Oviedo 2015.

Adrián Irago (Vigo, 1987). Fotógrafo profesional desde 2012. Licenciado en Comunicación Audiovisual pola UPSA de Salamanca, cursou o Mestrado Internacional de Fotografía Documental na Escola e Centro de Imaxe EFTI en Madrid. Desde 2017 compaxina o seu traballo de fotoxornalista coa realización de proxectos gráficos de longo percorrido e proxectos comerciais. Publicou en medios nacionais como *El País*, *La Razón*, *Diario AS*, *Expansión*, *Diario Público*, *The Objective*, RTVE, *HuffPost*, *Treintayseis (El Español)*, *La Voz de Galicia*, e en medios internacionais como *The Guardian*. Actualmente é colaborador da Axencia Europa Press na delegación de Galicia cubrindo as zonas de Vigo, Baixo Miño e parte da provincia de Pontevedra o que lle permite publicar en gran parte das cabeceiras rexionais e locais da comunidade: *Faro de Vigo*, Galicia Confidencial, Diario de Pontevedra, El Progreso, Nós diario, Metropolitano.gal, *El Correo Gallego*.

Miguel Ángel López. Fotógrafo de prensa na provincia de Ourense desde 2006 até a actualidade. É realizador de proxectos documentais do vídeo relacionados, ben coas tradicións de Ourense, ben co devir do amplo sector rural da provincia de Ourense. Ten desenvolvido proxectos audiovisuais entre os que destacan a serie Sons do entroido, documental en tres partes (2014, 2015 e 2018).

Brais Lorenzo. Formado en Fotografía e Xeografía e Historia. Está interesado en temáticas sociais e medioambientais, cre no poder

transformador da imaxe. Dende 2010 compaxina o fotoxornalismo con traballos documentais de longo percorrido. O seu traballo ten sido recoñecido a nivel nacional e internacional cos premios Ortega y Gasset, POYi, News Photo Awards, Sony World Photography awards, Istanbul Photo Awards, Siena International Photo Awards, Estação Imagem, Galicia en Foco, Luís Ksado, Premio Carlos Casares ao Talento Activo ou Premio de Xornalismo Xosé Aurelio Carracedo, entre outros. É cofundador do colectivo fotográfico OLLLO.

Ángel Manso (Ferrol, 1975). Fotógrafo social, o seu obxectivo está no ser humano e as súas circunstancias. Traballa como fotógrafo para o xornal *La Voz de Galicia* desde o ano 2008. Premio Foto do ano 2018 de Galicia en Foco. Graduado en Deseño Gráfico. Escola de Artes Ramón Falcón, Lugo 2000. Estudos de Fotografía Artística, na Escola Pablo Picasso, A Coruña, 2003.

Francisco Puñal Suárez (Matanzas, Cuba, 1950). Licenciado en Xornalismo pola Universidade da Habana. Traballou como director de documentais para o Instituto Cubano de Arte e Industria Cinematográficas. Publica as súas fotos e artigos en *www.mundiario.com*. Ten exposto as súas fotos humorísticas no PortoCartoon 2015, Portugal; no Salon de Piracicaba 2014, Brasil, e no Museo do Humor e a Sátira de Gabrovo 2016, Bulgaria.

Paco Rodríguez cursou estudos na Escola de Imaxe e Son da Coruña e dende o ano 2000 traballa como fotógrafo en *La Voz de Galicia*.

Xoán A. Soler (A Coruña, 1966). Coordinador da sección de fotografía na Delegación en Santiago de La Voz de Galicia, onde traballa como fotoxornalista desde 1993.

Mónica Vila Ferreirós. (Vilanova de Arousa, 1975). Estudou Fotografía Artística na Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo de Santiago de Compostela e Imaxe na Escola de Imaxe e Son de A Coruña. Desde 1998 ata 2024 ten colaborado con Diario de Arousa, *El Español*, *La Voz de Galicia*, *El País*, *La Opinión*, revista *Luzes*, *Interviú*, *Zona Press*... Foi becada pola Universidade de Oviedo para asistir a un obradoiro de fotoxornalismo dirixido por Javier Bauluz en 2002. Premio Galicia de Fotografía Deportiva en 2005; Terceiro Premio na

categoría de Novas do Certame de fotoxornalismo Estação; Imagem Mora 2014; Primeiro Premio Xosé Manuel Eirís 2024; 2º Premio Manuel Ferrol 2024.

Iñaki Abella (Pontevedra, 1976). Técnico Medio de Laboratorio e Imaxe e Fotografía da Escola de Imaxe e Son de Vigo. Ten colaborado en varias curtas, documentais e longametraxes feitas en Galicia. Actualmente traballa con *Faro de Vigo* e *La Opinión de A Coruña*.

Adrián Baúlde (Cambados, Pontevedra). Desde 2014 colaborou en diferentes medios de comunicación: "La Voz de Galicia", "Guía Repsol" entre outros, onde se especializa en fotoxornalismo, fotografía gastronómica e fotografía de produto e publicidade. Participante en diferentes exposicións tanto individuais como colectivas como "Atlánticas", "Mariscadoras", "Corentena" ou "PHEdesdemibalcón" de PhotoEspaña entre outras, e como autor do libro "Mariscadoras".

Vanessa Casteleiro (A Coruña). En 2006 comezou a súa carreira como fotoxornalista en Galicia. Dende entón, ata a actualidade, traballa a diario en medios de comunicación en formato impreso e dixital. Colabora con escolas universitarias, fundacións culturais e sociais, participou en palestras, en festivais de fotografía ou en xornadas divulgativas en centros educativos. Os seus traballos máis persoais son series documentais e humanistas, coas que sitúa ás mulleres no mapa visual para contrarrestar a escaseza de historias e a falta de referentes. A narración dentro da mirada fotográfica das mulleres coas mulleres como protagonistas. Recentemente foi gañadora do III Premio Somos Esenciais 2023, organizado polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia en colaboración con Gadis, baixo o lema «A información ao servizo da xente», pola reportaxe: «¿Se porta bien?».

Óscar Corral (Santiago de Compostela, 1981). Comezou a traballar como fotógrafo en 2003 en *La Voz de Galicia*, despois de interesarse polo fotoxornalismo durante a traxedia ecolóxica do Prestige. Tras o paso pola fotografía institucional no executivo galego (Xunta de Galicia) retornou a prensa diaria na Agencia EFE onde ten publicado imaxes nas principais cabeceiras internacionais a través da European Pressphoto Agency (EPA). Desde 2009 traballa como fotógrafo do diario *El País* en Galicia, que compaxina con reportaxes internacionais para o mesmo diario así

como para *El País Semanal*. Ten recibido distintos premios polas súas coberturas, entre os que destacan o "Full-Focus" que distingue as mellores fotografías do ano segundo a axencia Reuters (2013) e a mención de honra "Estação Imagem" por unha imaxe tomada a bordo do buque humanitario "Aquarius" da ONG "Médicos sen Fronteiras" (2019). Gañador da XXV Edición de Galicia en Foco (2015). Premio Amanecer á mellor fotografía 2021. Fundador de Imaxecovid e membro do colectivo Olló.

Emilio Cortizas (A Coruña, 1968). De formación autodidacta, comezou a exercer no ano 2014 colaborando con medios dixitais. Dende o 2016 colabora no *Diario de Ferrol*. No ano 2022 estivo de fotoxornalista a tempo completo nese mesmo medio. Na actualidade continúa como colaborador no periódico e con algunha axencia deportiva.

Kiko Delgado (Ferrol, 1968). Comezou na fotografía na Escola de Arte Pablo Picasso da Coruña. Ao rematar iniciou a colaboración cos medios de comunicación escritos de tiraxe nacional e local, entre os que cabe destacar *El Mundo*, así como nos seus suplementos, *Magazine* e *La Luna de Metrópoli*. Compaxinou estas colaboracións co traballo na delegación ferrolá de *El Correo Gallego* e *O Correo Galego*. No ámbito estatal mantén relación con varias axencias que distribúen as súas fotografías, a través das cales publicou en *Hola*, *Diez Minutos*, *Interviú*, *Tiempo*, *La Clave*, *Emprendedores*, etc. Tamén ten unha estreita relación coa editorial Embora, coa que colaborou na edición da maioría dos seus traballos. Expuxo en varias edicións de Galicia en Foco. Non participa habitualmente en concursos e o que trata é de pasalo ben facendo fotos .

Elena Fernández (Valencia, Venezuela, 1987). Fotógrafa freelance de prensa e documental. Formada en Administración de Empresas e Mercadotecnia. Interesada en temáticas sociais. Cre no poder das persoas e a súa capacidade para transformar o mundo. Desde 2019 compaxina o fotoxornalismo con colaboracións para organizacións sociais e proxectos documentais, ademais de asesoramento e dirección de campañas electorais en Venezuela, ao mesmo tempo que a súa cobertura. Colaboradora habitual de ZumaPress, Europa Press e *La Voz de Galicia*. Tamén realiza colaboracións para medios como *Diario ABC*, *Diario.es*, Factoría Prisa Noticias e organizacións como Alimenta a Solidariedade (Venezuela), Consorven (Venezuela) e ACNUR.

Carlos G. Hervella (Ourense, 1955). Redactor gráfico. Coordinador de fotografía do xornal *O Sil* e *O Sil Deportivo* en papel, e o periódico dixital *ww.osil.info*.

Agostiño Iglesias, A Coruña, comeza como fotógrafo social e publicitario para Greenpeace España, Verdegaia, Colabora Birmania, Adolfo Domínguez, Estrella Galicia, entre outros. Nos últimos anos céntrase no fotoxornalismo e documentalismo, colaborando con Europa Press, *La Voz de Galicia*, *El País*, *La Marea*, *Faro de Vigo*, *Altair Magazine*, *Salvaxe* e *Luzes*. Foi membro da asociación fotográfica multidisciplinar Ollo e do colectivo Imaxe Covid, ambos dando lugar a exposicións itinerantes con Afundación. A espiritualidade e a vida contemplativa son temas principais do seu traballo fotográfico, desenvolto en proxectos como O Estratéxico Silencio, O Capitalismo Salvaxe ou Faith, o seu principal proxecto a longo prazo. Premios: mención de honra en Galicia en Foco, gañador e 3 mencións en FotoÁgora, finalista en Lugano Photo Days e Luís Ksado, e gañador do III Premio Pablo Orosa de Fotoxornalismo.

Jorge Meis (Cobas, Ferrol, 1967). É graduado en Fotografía Artística pola Escola Pablo Picasso da Coruña en 1991. Ten un historial cheo de premios (Hofmann, Camiños de Ferro, Xuventude97...), actividades e exposicións, das que destacamos as súas mostras no Estudio Tría de Santiago e na Galería Dixital e no Centro Cultural Carballo Calero de Ferrol, en 1997 e 2020. Participou na mostra individual no Outono Fotográfico de 1998, e neste ano incorporouse como fotógrafo a *Diario de Ferrol*. Foi gañador da Foto do Ano de Galicia en Foco 2003. Participou nas mostras «Imaxes maiores», coordinada por Vari Caramés (na Obra Social Caixa Galicia), e en «Marea negra», no Ateneo de Ferrol.

Miguel Muñiz (Ourense, 1966). Fotógrafo freelance. Colaborador no *Diario ABC*, *Expansión* e *Revistas Eco*. Pertence ao colectivo

@imaxecovid, cubrindo os efectos da pandemia. Segundo premio no concurso sobre a zona monumental ourensá organizado polo concello de Ourense en 1991. Gañador da edición «Galicia en Foco» no 2002. Accésit no concurso fotográfico Memorial María Luisa no 2010. Segundo premio no concurso fotográfico Christina Snellman no 2018. Segundo premio nos Photo Siena Award no 2020. Segundo premio no certame fotográfico Xosé Manuel Eiris no 2023. Seleccionado nos Minimal Photo Awards no 2023. Expón en Houston un proxecto sobre o Camiño de Santiago no 2011 con motivo da semana de «Galicia en Houston». Expón a serie «Raíces», de retratos costumistas sobre Galicia en Braga, Porto, Santiago de Compostela, Lalín, Chantada e Ribadeo. Expón a serie Infinito+1 en Santiago de Compostela e Porto. Coautor con María López Sandez do libro *Illados*, diario da pandemia da editorial Galaxia.

Adra Pallón é un fotógrafo documental que a través de proxectos de longa duración nos que emprega fotografía e multimedia tenta explicar os problemas sociais que están presentes na rexión ou grupo social co que se integra ou do que forma parte. O obxectivo de toda a súa produción fotográfica é documentar a realidade próxima, aquela na que se atopa inmerso e da que pode entender por completo os seus códigos sociais e culturais. Para levar a cabo ese labor, durante os últimos anos estivo traballando en proxectos de fotografía documental, abordando diferentes temáticas de carácter social e ambiental. Algúns dos seus traballos persoais foron recoñecidos en diferentes certames de fotoxornalismo e fotodocumentalismo: IV Bolsa Joana Biarnés de Photographic Social Vision, BarThur Photo Award, Premio Luís Valtueña, POY Latam, Prémio Estação Imagem, Screenings del Visa Pour l'Image de Perpignan, Lens Culture Critic Choise Award, Nomeada a Joop Swart masterclass do World Press Photo, Seleccionado nos portfolios review do *New York Times*, entre outros.

***Medios de
comunicación
que participan***

ABC

www.abc.es

Axencia EFE

www.efe.com

Diario de Arousa

www.diariodearousa.com

Diario de Ferrol

www.diariodeferrrol.com

Diario de Pontevedra

www.diariodepontevedra.es

El Español

www.elespanol.com

El Ideal Gallego

www.elidealgallego.com

El Mundo

www.www.elmundo.es

El País

www.elpais.com

El Progreso

www.elprogreso.es

EuropaPress

www.europapress.es

Faro de Vigo

www.farodevigo.es

La Opinión. A Coruña

www.laopinioncoruna.es

La Región

www.laregion.es

La Voz de Galicia

www.lavozdeg Galicia.es

Luzes

www.revistaluzes.com

Mundiario

www.mundiario.com

Newsweek - Japan

www.newsweekjapan.jp

La Voz de Galicia

www.lavozdeg Galicia.es

O Sil

www.osil.info

Ser Ferrol

www.cadenaser.com/radio-ferrol

Viva Lugo

www.vivalugo.es

Newsweek ニュースウィーク日本版

Diario de Arousa

La Opinión
A Coruña

EL MUNDO

El Ideal Gallego

Agencia EFE

europa press

FARO DE VIGO

EL PAÍS

MUNDIARIO

EL PROGRESO

La Voz de Galicia

O SIL

La Región

Diario de Pontevedra

Radio
Ferrol
CADENA
SER

EL ESPAÑOL

Diario de Ferrol

Luzes

VIVALUGO
DIARIO CULTURAL DE LUGO

ABC

Índice

33ª Edición de Galicia en Foco	5
<i>Xulía Díaz Sixto. Presidenta do Club de Prensa de Ferrol</i>	
Foto do Ano de Galicia en Foco 2023	10
<i>Brais Lorenzo</i>	
Serie do Ano de Galicia en Foco 2023	12
<i>Iñaki Abella</i>	
Fotoxornalismo	
<i>Gustavo de la Paz</i>	20
<i>Adrián Irago</i>	24
<i>Miguel Ángel López</i>	28
<i>Brais Lorenzo</i>	32
<i>Ángel Manso</i>	36
<i>Francisco Puñal Suárez</i>	40
<i>Paco Rodríguez</i>	44
<i>Xoán A. Soler</i>	48
<i>Mónica Vila Ferreirós</i>	52
Fotorreportaxe	
<i>Iñaki Abella</i>	58
<i>Adrián Baúlde</i>	64
<i>Vanessa Casteleiro</i>	70
<i>Óscar Corral</i>	76
<i>Emilio Cortizas</i>	82
<i>Kiko Delgado</i>	88
<i>Elena Fernández</i>	92
<i>Carlos G. Hervella</i>	98
<i>Agostiño Iglesias</i>	104
<i>Jorge Meis</i>	110
<i>Miguel Muñiz</i>	116
<i>Adra Pallón</i>	122
Currículos	131
Medios que participan	134

32ª edición
GALICIA EN FOCO
O FOTOXORNALISMO GALEGO



O Club de Prensa de Ferrol amosa a través de *Galicia en Foco* a creación dos fotoxornalistas galegos que se converte anualmente en exposición itinerante nas vilas e cidades de Galicia.

A produción e creación de *Galicia en Foco* xa é unha parte da historia da comunicación e da fotografía en Galicia ao encher un baleiro nos eidos da promoción, divulgación e mostra da fotografía de prensa. Este acontecemento anual non sería posible sen o apoio da Deputación da Coruña, do Concello de Ferrol e da Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia.

Hoxe *Galicia en Foco*, con xa 31 edicións de experiencia, é o resultado do esforzo dos fotógrafos e xornalistas que son quen de manter a súa vixencia para facer memoria e conservala no tempo.

O Centro de Documentación do Club de Prensa arquiva o delicado patrimonio fotográfico legado polos fotoxornalistas que participan en *Galicia en Foco* e constitúe tamén outro proceso e fundamento deste xa tradicional certame.



Páxina do medio no que foi publicada a
Fotografía do Ano de Galicia en Foco 2023
Mázcaras, Brais Lorenzo



Páxina do medio no que foi publicada a
Serie ganadora do Ano de Galicia en Foco 2023
Campaneiros, Iñaki Abella

33ª edición GALICIA EN FOCO O FOTOXORNALISMO GALEGO



EDICIÓN NON VENAL